INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Febreiro 2020

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : http://www.ige.eu

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Febreiro 2020

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 4,8% en Galicia en febreiro de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España aumenta un 5,5%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 6,1% e no Resto de produtos un 4,5%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 4,8% en Galicia no mes de febreiro de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España aumenta un 5,6%.
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,0% en Galicia e o 0,7% no conxunto do Estado.
- A ocupación crece en quince comunidades autónomas no mes de febreiro.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Febreiro 2020

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes



	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	96,3	4,8	2,2
Xeral sen estacións de servizo	96,2	5,1	2,6
Alimentación	91,7	6,1	3,3
Resto	99,6	4,5	2,3

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 4,8% en Galicia en febreiro de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España aumenta un 5,5%.

O índice xeral sen estacións de servizo crece un 5,1% respecto a febreiro de 2019 en Galicia. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta as súas vendas un 6,1% en Galicia e un 5,5% no conxunto de España.
- O Resto de produtos rexistra un crecemento do 4,5% en Galicia, inferior ao do conxunto do Estado (6,9%).

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 2,2%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.



2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en febreiro en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos danse en Madrid (7,3%), Comunitat Valenciana (6,7%) e Cantabria (6,6%). Os menores crecementos rexístranse en Canarias (2,1%) e Asturias (2,7%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Febreiro 2020

Taxas de variación en %



3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 4,8% en Galicia no mes de febreiro de 2020, e o 5,6% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 4,9% en Galicia e un 5,9% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 7,6% e no Resto de produtos un 2,8%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación crecen o 7,4% e no Resto de produtos o 4,8%.

Índices de comercio polo miúdo. Febreiro 2020				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes		Índice	Variacións (%)	
			Interanual	No que vai de ano
	Xeral	97,7	4,8	2,7
4,9	**Xeral sen estacións de servizo**	96,8	4,9	2,4
Interanual 3,2	**Alimentación**	97,7	7,6	4,8
No que vai de ano 1,6	**Resto**	95,6	2,8	0,7

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,0% no mes de febreiro en Galicia e do 0,7% no conxunto do Estado.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en febreiro en quince comunidades autónomas. O maior incremento rexístrase na Comunitat Valenciana (2,0%). En Cantabria a ocupación mantense estable, 0,0%, e en Asturias diminúe o -0,7%.

Índice xeral de ocupación. Febreiro 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das ventas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento

- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.

- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC[1].

[1] Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Febreiro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	97,7	4,8	2,7	96,3	4,8	2,2
Xeral sen estacións de servizo	96,8	4,9	2,4	96,2	5,1	2,6
Alimentación	97,7	7,6	4,8	91,7	6,1	3,3
Resto	95,6	2,8	0,7	99,6	4,5	2,3
España						
Xeral	100,0	5,6	3,5	98,4	5,5	3,0
Xeral sen estacións de servizo	99,3	5,9	3,4	98,6	6,2	3,7
Alimentación	103,6	7,4	4,9	96,9	5,5	3,0
Resto	96,0	4,8	2,4	100,2	6,9	4,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Febreiro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	111,6	2,4	1,5	108,1	1,8	0,8
Xeral sen estacións de servizo	110,6	1,8	1,5	108,3	2,2	1,8
Alimentación	108,7	4,1	3,2	101,8	2,0	1,5
Resto	112,1	0,6	0,6	113,4	1,6	1,9
España						
Xeral	112,4	2,3	2,4	108,8	1,8	1,8
Xeral sen estacións de servizo	112,0	2,4	2,4	109,8	2,5	2,5
Alimentación	112,0	2,4	2,3	105,2	0,8	0,7
Resto	111,3	1,8	1,8	113,3	3,6	3,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Febreiro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	**100,0**	**5,6**	**3,5**	**98,4**	**5,5**	**3,0**
Andalucía	99,2	6,1	4,2	98,1	6,0	3,8
Aragón	99,4	4,5	2,6	98,2	4,8	2,5
Asturias	94,3	2,3	1,7	93,5	2,7	1,6
Balears, Illes	92,8	5,3	3,8	91,8	5,2	3,5
Canarias	103,3	2,9	1,6	101,1	2,1	0,7
Cantabria	92,5	6,7	4,3	90,4	6,6	3,9
Castilla y León	94,5	4,2	2,0	92,7	4,0	1,5
Castilla-La Mancha	103,1	6,4	4,3	101,0	6,0	3,4
Cataluña	95,5	5,4	3,1	92,8	5,4	2,6
Comunitat Valenciana	98,8	6,7	4,2	98,3	6,7	3,8
Extremadura	90,6	3,5	2,4	90,0	3,3	2,0
GALICIA	**97,7**	**4,8**	**2,7**	**96,3**	**4,8**	**2,2**
Madrid	111,3	7,0	4,4	109,4	7,3	4,2
Murcia, Región de	100,4	4,9	3,6	99,5	4,5	2,9
Navarra	99,8	3,6	1,1	97,9	3,6	0,4
País Vasco	101,4	5,4	3,3	99,3	5,3	2,7
Rioja, La	100,3	5,4	2,4	98,6	5,6	2,1
Ceuta	91,4	-0,8	-0,7	91,2	-0,5	-0,6
Melilla	100,2	2,9	2,0	100,2	2,7	1,6

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Febreiro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	102,9	1,0	0,9
Xeral sen estacións de servizo	102,5	0,9	0,8
España			
Xeral	103,9	0,7	0,8
Xeral sen estacións de servizo	103,8	0,7	0,7

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Febreiro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	**103,9**	**0,7**	**0,8**
Andalucía	101,4	0,7	0,7
Aragón	104,1	1,2	1,2
Asturias	104,5	-0,7	-0,6
Balears, Illes	103,9	0,2	0,4
Canarias	108,5	0,1	0,2
Cantabria	101,1	0,0	-0,1
Castilla y León	103,3	0,6	0,7
Castilla-La Mancha	101,8	0,9	0,7
Cataluña	102,9	0,6	0,6
Comunitat Valenciana	107,2	2,0	2,0
Extremadura	101,9	0,6	0,7
GALICIA	**102,9**	**1,0**	**0,9**
Madrid	105,5	0,9	1,0
Murcia	104,3	0,5	0,6
Navarra	103,7	0,3	0,6
País Vasco	102,9	0,1	0,0
Rioja, La	104,8	1,2	1,5
Ceuta	102,6	0,8	0,5
Melilla	104,0	-1,1	-1,0

Fonte: INE